

MINISTERIO PARA A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E DA FUNCIÓN PÚBLICA

DIRECCIÓN XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA

Comisión Técnica de Temporalidade e Emprego

13/05/2025

O martes 13 de maio tivo lugar unha xuntanza na Dirección Xeral de Función Pública da Comisión Técnica de Temporalidade e Emprego de carácter **INFORMATIVO**, cos seguintes puntos na orde do día:

- Datos xerais de efectivos a 1 de xaneiro de 2025.
- Xestión provisional de efectivos.
- Outros

Unha vez máis, foi unha xuntanza de mero trámite, que é non que se están a converter as Comisións Técnicas e a Mesa Xeral de Negociación, un lugar onde non se negocia nada e onde a administración da a coñecer “actos consumados”.

Datos xerais de efectivos a 1 de xaneiro de 2025.

O Subdirector Xeral de planificación comeza a dar unha serie de datos moi xenéricos co único obxecto de convencernos de que se está a dar un saldo neto positivo na creación de emprego da AXE e unha baixada na idade media do cadro de persoal.

Xestión provisional de efectivos.

Punto xenérico e sen ningún tipo de documentación ao respecto, polo que tivemos que adiviñar a que se refería. A administración, para **sorpesa dos sindicatos**, infórmanos de que por parte da Comisión Superior de Persoal **se procedeu a aprobar o documento de “Catálogo de Áreas Funcionais”**, (catálogo que non se nos facilita) que desenvolve o recollido na “orde ministerial” sobre Planificación Estratéxica dos RRHH da Admón. do Estado que ligada ao RD 6/23 son obrigacións que teñen que cumprir con Europa para a liberación de fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Lembrar que nin o R.D. 6/23 nin a “orde ministerial” foi negociada cos sindicatos, e seguindo este xeito de actuar, agora nos atopamos que se aproba o “Catálogo de Áreas Funcionais” do mesmo xeito.

A **CIG** manifestou, unha vez máis, que **non compartimos este xeito de actuar nin o “novo deseño” de administración** que está a querer implantar. A administración segue coa súa “folla de ruta” marcada polos “fondos europeos” e que deixa totalmente ao marxe aos sindicatos.

Denunciamos que estes ámbitos de negociación están totalmente anulados e que se converteron en meras canles de información da administración.

Outros.

Sobre a Oferta de Emprego Público do 2025, seguen sen facilitar ningún tipo de información, o que nos leva a conclusión, igual que no últimos anos, que **NON HABERÁ** ningún tipo de negociación.

De negociacións de retribucións nada de nada, de cando se actualizarán as nóminas pendentes dese “mal acordo retributivo do 05%” nada de nada.